

Guión da intervención: Artes visuais e sustentabilidade. O equilibrio do ecosistema

Consello da Cultura Galega | 20 e 21 de xuño de 2017

Agar Ledo, responsable de exposicións do MARCO de Vigo e historiadora da arte

1. Ecosistema ou industria cultural?

- Necesaria planificación do sector para mudar o modelo actual, baseado no espectáculo e na industria cultural, cara outro baseado no estudo e no coñecemento.
- “Ecosistema ou industria cultural”: artigo publicado no ano 2014 por Santiago Eraso Beloki, onde o especialista denunciaba que o foco de atención no mundo da arte estivese na industria, reivindicando a importancia de protexer un ecosistema “moito máis complexo” que non podemos pensar só en clave de produción de mercadorías, senón como xerador dunha rede de experiencias.
- Entender o sistema cultural en termos de ecosistema: achegamento ecolóxico e colaborativo para poder convivir nunha época caracterizada pola mercantilización e comercialización de todas as cousas. Diversos tipos de espazos teñen que coexistir dende a complementariedade e a cooperación interdisciplinaria.
- Precariedade do exercicio artístico. A Fundación Nebrija, co apoio da editora da Universidad de Granada, vén de publicar o estudo “A actividade económica das e dos artistas en España” (sen datos desagregados para Galicia), onde se constata que só o 15% das e dos artistas pode vivir exclusivamente da arte. O 50% declara percibir ingresos por debaixo do salario mínimo interprofesional.
- Ausencia dun coleccionismo de proximidade e a desaparición das galerías de arte galegas. Proceso de *disneyficación* do mercado da arte nos anos noventa. Descenso no investimento en obras de arte (sobre todo no centrado na adquisición de artistas galegas e galegos) que se facía tanto dende os museos e fundacións públicas e privadas como dende as Caixas de aforros (privatización das coleccións de Abanca e de Afundación).
- Necesidade de avanzar na aprobación do “Estatuto da e do artista” para adaptar a lexislación á inestabilidade laboral (debate na actualidade no Congreso).
- Labor dos gobernos: regular o sector, e prestar servizo non só mediante investimentos de cartos, senón tamén lexislando e aplicando a lexislación para favorecer o exercicio das actividades.
- Antecedentes: finais dos anos 90, a AGAV, a Asociación Galega de Artistas Visuais (grupo de Vigo), ou colectivos de artistas como Trans (integrado por membros da sección viguesa da AGAV tras abandonar a asociación por desacordos coa chegada dunha nova directiva), xa denunciaban as políticas culturais clientelares favorecidas pola acumulación de poder nas mans dos administradores.

2. Separación público-privado

- Consecuencia do descenso, nos últimos anos, do 40% (no caso de Galicia) dos orzamentos públicos dedicados á arte e á cultura: confusión entre o público e o privado.
- Contexto galego moi institucionalizado: medir a rendibilidade dende parámetros cualitativos e non cuantitativos. Buscar indicadores para analizar a transformación que un museo ou unha exposición produce na sociedade. O museo xera valor simbólico e valor social, valor de experiencia. Como valoramos o impacto ou o potencial emancipador que posúen?
- As cifras de visitantes son indicadores moi pobres e perversos. Cita de Georges Henri Rivière: “O éxito dun museo non se mide polo número de visitantes que recibe, senón polo número de visitantes aos que ensina algunha cousa. Non se mide polo número de obxectos que expón, senón polo número de obxectos que os visitantes lograron apreender no seu eido humano. Non se mide pola súa extensión, senón pola cantidade de espazo que os visitantes poden percorrer de xeito razoable en prol dun verdadeiro aproveitamento. Iso é o museo. Se non, non é máis que unha especie de ‘matadoiro cultural’, do que se sae reducido en forma de salchichón”.
- Deriva neoliberal das artes visuais e das “corporacións” museísticas. Jean Clair publica unha análise do sector dos museos, no ano 2007, no libro *Malestar en los museos*, onde denuncia a deriva mercantil e consumista dos museos franceses e a negligencia do Estado respecto das súas obrigas cara o patrimonio cultural. O seu malestar ten a orixe na expansión do imperio Guggenheim e culmina coa denuncia do aluguer de coleccións públicas dende o estado francés ao Louvre de Abu Dhabi, na Illa Saadiyat.
- É preciso, no ecosistema sostible que propoñemos, que existan relacións entre o ámbito público e o privado, pero “o novo modelo debe pensarse en termos de beneficio común, dun espazo que vai máis aló da dicotomía público-privado, pero que mantén dimensións de ambos” (Manuel Borja-Villel).

3. Breve historia das estruturas (anos 80-90)

- Anos oitenta: “Políticas” marcadas pola descentralización das competencias do Estado en cuestións culturais que impulsan o nacemento das infraestruturas públicas dedicadas á difusión das artes visuais.
- Anos noventa: Coa chegada do neoliberalismo e a revolución conservadora, a política cultural pública comeza a se basear na produción de grandes eventos expositivos para acompañar, por exemplo, a estratexia de promoción dos anos xacobeos. Dinámica representada no momento actual por exposicións como *On the Road* ou *Gallaecia Petrea*, con custos de 1.000.000 e 1.500.000 €, que duplican e triplican o orzamento anual de 500.000 € do Museo do Pobo Galego ou os 700.000 € do orzamento do MARCO de Vigo para persoal, mantemento, funcionamento e programación.
- Distribución “interesada” dos cartos públicos.
- A construción da Cidade da Cultura responde a esa lóxica do enorme investimento en equipamentos culturais, que é consecuencia do ambiente de entusiasmo e internacionalización que se viviu nos anos noventa. Fronte á espectacularización da cultura, debemos esixir aos gobernos que invistan os recursos públicos en producir coñecemento e debate. Como podemos iniciar camiños reparadores neste sentido?

4. Fuxir de modelos importados

- O modelo creado polo director do Guggenheim, Thomas Krens (o “museo crustáceo”, segundo a definición de Jean Clair: museos baleirados da carne tenra e saborosa das coleccións á que se supoñía que debía protexer, na época dos museos sen coleccións) prima o espectáculo. Representa un sistema afastado dos museos tradicionais europeos, baseado na investigación e a produción de coñecemento.

5. Fronte á privatización, servizo público

- Precariedade do mapa museístico do Estado: as estruturas creadas nos últimos 20-30 anos dependen das subvencións e os orzamentos públicos.
- Incremento dos gastos dedicados a crear novos espazos, sen prever un orzamento para o funcionamento regular desas estruturas. Segundo Marcos Lorenzo (Praza pública, 2015), “dende 2003 o gasto liquidado en cultura pola Xunta de Galicia repartiuse (de media) entre un 70% de gastos de capital e un 30% de gastos correntes, en aberto contraste coas súas homólogas de Madrid, Cataluña e País Vasco, onde as proporcións se inverten (media nese período de 20% de gastos de capital e 80% de gastos correntes)”.
- En canto ao gasto por habitante en museos, na enquisa da EGMUS (European Group of Museum Statistics, con datos de 2015), estamos próximos á media, pero débese ao gasto en infraestruturas, equipamentos, rehabilitacións, etc. E non ao gasto en persoal. Variar a política de investimentos: destinar parte dos recursos que se empregan en infraestruturas cara á creación de emprego especializado (mellor uso dos espazos e un aumento do emprego en xeral).
- A urxencia por exhibir, inaugurar e festexar, aprazou e evitou a reflexión contextual que debería ter motivado investimentos en proxectos de investigación e a ordenación das prácticas producidas nas contornas propias. Estrutura institucional que urxe repensar (imposibilidade de manter o sistema da arte tal e como se deseñou nos anos 80-90). Por debaixo da media europea en número de museos por habitante: segundo os datos recollidos da EGMUS (European Group of Museum Statistics) fíxose un esforzo no Estado (non hai datos específicos sobre Galicia) por medrar para converxer con Europa. A ratio a primeiros dos oitenta estaba en menos dun museo por cada 100.000 habitantes, fronte ao ano 2015, cando se sitúa en 3,2 (a media europea está en torno a 4,8 museos por habitante), pero fíxose de xeito apresurado e sen planificación.
- Reclamación dun novo modelo que xere intercambio, con financiamento sostido. O investimento debe vir acompañado dunha xestión e eficaz.

6. Novas formas baseadas no intercambio

- Eclósión dos 90s: espazos baleiros de contido, altos gastos de mantemento e insuficiente persoal. Dinámica continuada de aluguer de coñecemento fóra (“museos crustáceos”) pensada para suplir a falta de persoal científico. Gasto en aluguer de coñecemento e non en produción do coñecemento internamente. Á inversa, teríamos conformado un arquivo sobre o que poder traballar de xeito máis estable e independente. Hoxe en día, as reducións de orzamento (unha forma de inxerencia política) non suporían a defunción dos espazos.
- Aposta pola profesionalización e o incremento de capital humano. Fronte á media europea (que está por encima da estatal en número de traballadoras e traballadores por museos), na que o número de especialistas nos equipos de persoal é do 48,7%,

no Estado (non hai datos sobre Galicia) é do 30%. Datos da EGMUS (2014) que alertan de que temos un claro déficit en canto ao nivel de especialistas.

- Cambiar os modelos organizativos e entender as liñas de investigación como o esqueleto que soporta a actividade. Unha economía circular baseada no potencial da cultura para crear un sistema de relacións sostible que tamén favoreza a contestación, o conflito (o *agonismo* de Mouffe). Espazos orientados a distintos públicos ou minorías, pero centradas na produción de pensamento, no capital humano que o produce.
- Trazar, dunha vez, un plan de museos para reordenar e modernizar a rede galega. Proxecto anunciado xa no ano 2008 polo Goberno galego (unha Lei de Museos de Galicia), para regular os ao redor de 80 centros que existen no país, de diversas titularidades, e poñer en común as coleccións para convertelas nun grande arquivo ao servizo de todas. Órgano de xestión común e independente que reúna a todas as administracións para contribuír, xuntas, a ordenar e potenciar o papel educativo, de servizo público, de centros de investigación, de lugares de conservación e difusión do patrimonio.
- Son necesarias unhas políticas culturais baseadas, como di o museólogo Rafael Aznar no libro *Museos, arqueología, democracia y crisis*, na planificación e no cumprimento de obxectivos correctores de situacións anteriores, e que aproximen os museos aos cidadáns.
- Falamos do peso que teñen, na economía, a industria, a construción, os servizos. De cando en cando valoramos o que achega á riqueza de Galicia todo o armazón da cultura e os seus diferentes subsectores. Cómpre ter estas cifras en conta para non banalizar os recursos que se invisten en cultura por parte do sector público. Nesta liña argumental, non é de pouca importancia o que pode representar o investimento público a efectos, non só de garantir un dereito constitucional, senón tamén para producir un papel tractor na actividade económica privada: á súa vez xera un retorno ao conxunto da sociedade.

Fontes:

Rafael Aznar, *Museos, Arqueología, democracia y crisis*, Trea, Xixón, 2013.

Manuel Borja-Villel e Marcelo Expósito, *Conversación con Manuel Borja-Villel*, Turpial, Madrid, 2015.

Manuel Borja-Villel, varios artigos.

Jean Clair, *Malestar en los museos*, Trea, Xixón, 2011.

Umberto Eco, “Temples for the tourists”, en *The New York Times*, 2 de abril de 2007 [e *The International Herald Tribune*], <http://www.nytimes.com/2007/04/02/opinion/02iht-edeco.1.5111284.html>

Santiago Eraso Beloki, “Ecosistema o industria cultural”, en *Arte, Cultura, ética y política* (blog en liña), <https://santieraso.wordpress.com/2014/08/10/ecosistema-cultural/>

Marina Garcés, “Clasicismo punkie”, en VV.AA, *Cultura en tensión*, Rayo verde editorial, Barcelona, 2016

David Harvey e Neil Smith, *Capital financiero, propiedad inmobiliaria y cultura*, MACBA e Universitat Autònoma de Barcelona, Barcelona, 2005.

Marcos Lorenzo, “Por unha nova política cultural en Galicia”, en *Praza pública*, 2015, <http://praza.gal/opinion/2350/por-unha-nova-politica-cultural-en-galicia/>

Marta Pérez Ibáñez e Isidro López-Aparicio, *La actividad económica de los/las artistas en España*, Fundación Antonio de Nebrija, Madrid, 2017.

Jorge Ribalta (ed.), *Servicio público. Conversaciones sobre financiación pública y arte contemporáneo*, UAAV e Universidad de Salamanca, Salamanca, 1998.

Yolanda Romero, “El museo, ¿prostituta de lujo? No, gracias”, en *Museu. Un proyecto de Es Baluard*, <http://proyectomuseu.org/el-museo-prostituta-de-lujo-no-gracias/>

José Luis Sampedro, *El mercado y la globalización*, Destino, Madrid, 2002.

VV.AA., *Sinal* nº 0, Revista da Asociación Galega de Artistas Visuais, AGAV, 2000.

VV.AA., *Sinal* nº 1, Revista da Asociación Galega de Artistas Visuais, AGAV, 2002.

Chin-tao Wu, *Privatizar la cultura*, Akal, Madrid, 2007.

El negocio de los museos, No one/ARTE France, documental para TV, <https://www.youtube.com/watch?v=tJ-VetnUumo>

Análise do sector cultural, Instituto Galego de Estatística, Xunta de Galicia, 2016, https://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/Analise_Sector_Cultural.pdf

EGMUS, European Group of Museum Statistics, <http://www.egmus.eu/>

Informe Gasto público en Cultura, Consello da Cultura Galega, 2014, <http://consellodacultura.gal/mediateca/documento.php?id=2361>

Plan de fomento para las industrias culturales, Ministerio de Cultura, Anuario de Estadísticas Culturales, Ministerio de Cultura, 2016, <http://www.mecd.gob.es/dms/mecd/cultura-mecd/areas-cultura/industriasculturales/plan-fomento-industrias-2016/plan-fomento-industrias-2016.pdf>